

Organización de Congresos no marco do evento Xacobeo 2021 Período 2020-2021: Expresións de interese

A Consellería de Cultura e Turismo está a organizar a programación do vindeiro Xacobeo 2021, na consideración de definir un gran evento que debe servir como revulsivo para Galicia. A estes efectos está traballando na definición do programa de actividades e quere contar coa implicación de todas as administracións, entidades públicas xunto coa sociedade civil, sumando apoios para relanzar a imaxe e a potenciación cultural, social e económica de Galicia.

En consecuencia e de cara promover unha posible **liña de axudas á organización de Congresos e Reunións Científicas de relevancia susceptibles de ser incluídos e cofinanciados no marco da programación do Xacobeo**, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación publica esta convocatoria de expresións de interese para coñecer as iniciativas previstas para o período 2020-2021 que resposten ás características seguintes

- Congreso ou Reunión Científica de relevancia, preferentemente internacional, con participación na organización dunha entidade de referencia no campo (Sociedade ou Asociación científica...)
- A organización conta coa participación visible da USC que participa na mesma
- O evento terá unha asistencia significativa e preferentemente superior a 200 participantes
- O evento deberá facer visible a imaxe e relevancia do Xacobeo 2021

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Enviar o [FORMULARIO](#) antes do **20 de maio** ao enderezo de correo electrónico recursoshumanos.programas@usc.es co asunto “Expresión de Interese Xacobeo 2021”.

Santiago de Compostela, 07 de maio de 2019

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación